



UNIÓN EUROPEA

KDA

C.I.F. P-1503100-H

Estimadas/os veciñas e veciños,

Dende o Concello de Culleredo estamos a traballar na iniciativa CulleredovivoVive que dá continuidade á anterior EDUSI (Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado) e aglutina outros proxectos de planificación territorial de gran relevancia para o noso municipio. Así, na actualidade o Concello está impulsando a súa **Estratexia Territorial Integrada** -coñecida na Administración xeral do Estado como ETI- e un **Plan de Acción Integrado (PAI)** que poderá permitir optar, entre outras cousas, ao financiamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Na redacción destes documentos se fomentará o deseño compartido coa cidadanía dun modelo de desenvolvemento sostible dende unha triple dimensión ambiental, económica e social, con actuacións concretas ate 2030.

A nova ETI “ CulleredovivoVive” deberá ter coherencia cunha serie de normativas e metodoloxías clave como son a *Axenda Urbana Española*, o Pacto Verde Europeo ou a Carta de Leipzig, entre outros, ademais de ter un contraste con entidades asociativas, persoal técnico experto e veciñanza, co ánimo de priorizar accións que axuden a cohesionar o noso territorio dende a triple visión da sustentabilidade.

Por este motivo, nos gustaría contar coa vosa participación e facemos público o RESUMO EXECUTIVO do documento que está hoxe en confección, facéndoos partícipes dos pasos que se están a dar dentro deste proceso, elaborando un marco estratéxico co maior nivel de consenso posible e incorporando propostas que durante a análise e diagnóstico non fosen aínda identificadas e xa teñades reflexionado sobre elas.

1 de 2

Código do documento	Código do expediente
<b>UGT18I0073</b>	<b>UGT/2024/2</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1D0D 341P 6G6S 7058 11B6	

### Cómo participar:

- Enquisa a través da web municipal ([www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)) na que poderedes formalizar as vosas achegas antes da elevación da ETI e do Plan de actuacións (PAI) ao Pleno municipal.

Nese apartado web atoparedes información e novas actualizadas, tendo previsto realizarse un evento final de presentación cuia data se publicará na web municipal.

C.I.F. P-1503100-H

Esperando a vosa participación.

Culleredo, á data da sinatura dixital

O ALCALDE